



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos do Concello de Carral para o mandato 2023-2027

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Carral en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xuño de 2023 adoptou o acordo que de seguido se transcribe:

“**Primeiro.-** Determinar a dedicación exclusiva en relación cos seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

- Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 3.265,44 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 45.716,16 € + seguridade social a cargo do Concello).
- Concellaría de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil: Retribucións mensuais brutas de 2.183,66 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30.571,24€ + seguridade social a cargo do Concello).

Segundo.- Determinar as dedicacións parciais en relación cos seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

- Concellaría de Economía e Facenda, Réxime Interior, Recursos Humanos e Seguridade cidadá: Retribucións mensuais brutas de 1.965,30 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 27.514,20€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 80% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía.
- Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas e mobilidade, obras e servizos, medio ambiente e medio rural. Retribucións mensuais brutas de 1.965,30€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 27.514,20€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 80% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía.
- Concellaría de Sanidade, Educación e Emprego. Retribucións mensuais brutas de 1.310,20€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 18.342,80€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía.

As cantidades anteditas serán obxecto de actualización anual nos mesmos termos que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados municipais.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 75.5 LRBRL, o Alcalde-Presidente determinará os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, ocupando as concellarías para as cales o Pleno establece, mediante este acordo, tales dedicacións, producíndose os efectos económicos deste acordo dende a data en que o Alcalde-Presidente faga dicha asignación.

Cuarto.- Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicacións destes últimos, indemnizacións e asistencias, así coma os acordos do Alcalde determinando os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.”

Carral, a 31 de xullo de 2023

O Alcalde, Francisco Javier Gestal Pose.



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados da Corporación do Concello de Carral para o mandato 2023-2027

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Carral en sesión extraordinaria celebrada o 29 de xuño de 2023 adoptou o acordo que de seguido se transcribe:

“Primeiro.-Fixar as contías das asistencias que percibirán só os/as membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de tal Corporación dos que formen parte, como segue:

- Sesións do Pleno: 100,00 € (contía bruta)
- Sesións das comisións informativas: 100,00 € (contía bruta)
- Sesións da Xunta de Goberno Local: 200,00 €

No caso de que coincida máis dunha sesión de distintos órganos no mesmo día, só se poderá percibir asistencias pola de maior contía.

Segundo.-Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación este acordo plenario referente ao réxime de asistencias”.

Carral, a 31 de xullo de 2023

O Alcalde, Francisco Javier Gestal Pose.

2023/6397